



Concello  
da Estrada

### **BASES 24 TORNEO CONCELLO DA ESTRADA**

1. O Torneo rexerese polas normas da R.F.E.T..
2. Probas a disputar: Absoluto mixto non federado, sub 16 mixto non federado, e veteran@s mixto non federado.
3. Os cadros finais serán de 16 xogadores con 4 clasificados da fase previa.
4. Xogarase a 2 sets con tie break e supertie break en lugar do terceiro set. Por decisión do xuíz arbitro, poderase modificar o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos de tempo ou meteorolóxicos.
5. Os partidos xogaranse en pistas de moqueta, e poderase xogar en pavillóns de pista dura, por causas meteorolóxicas; nas instalacións do Concello da Estrada e se fose necesario utilizaríase luz artificial.
6. As datas de celebración serán do 22 de outubro o 3 de novembro.
7. Se fose necesario podería ter que xogarse dous partidos o mesmo día.
8. Para cada partido utilizarase un bote de pelotas que terán que recoller na conserxería do Pavillón “M. Coto Ferreiro” e devolver ao remate do mesmo.
9. É obrigación dos xogadores decatarse da data e hora dos seus partidos. O Xuíz Árbitro poderá aplicar W.O. a todo xogador que non se presente a xogar 10 minutos despois da hora oficial sinalada para o seu partido.
10. Recoméndase a tódolos xogadores que teñan problemas de horarios o comuniquen ó inscribirse.
11. Os xogadores en pista deberán vestir de forma regramentaria e axustalo seu comportamento as normas do Código de Conduta.

12. Os resultados dos partidos comunicaranse ao Departamento de Deportes do Concello ou no pavillón municipal Coto Ferreiro (Tf. 986 570030) das 9 ás 14 h.
13. A data limite para a inscrición será o 17 de outubro as 14 horas. O sorteo será o día 19 de outubro ás 12:00 horas.
14. As inscricións realizaranse on-line, na páxina de ibertenis, ou a través do concello.
15. Tódalas cuestións que se susciten non determinadas neste Regulamento serán resoltas polo Xuíz Árbitro ou polos adxuntos que el nomee para substituílo na súa ausencia. As súas decisións serán inapelables.
16. DEREITOS DE IMAXE: Estas bases son públicas. A inscrición ou participación no torneo supón a cesión dos dereitos de imaxe a: Concello da Estrada e Escola de Tennis Marcos Vilasánchez López por parte de tódolos participantes na proba, sexan xogadores, adestradores, membros da organización ou público. Todo aquel xogador, adestrador, membro da organización ou público que non desexe participar coa súa imaxe nos actos da proba excepto: fotografías de entrada en pista, de grupo e entrega de trofeos, deberá comunicalo por escrito a través dos canles de comunicación da proba.
17. Organización:

Organiza Concello da Estrada  
E a Escola de Tennis MVL

Director da proba: Marcos Vilasanchez  
Xuíz árbitro: Marcos Vilasanchez  
Adxuntos: Manuel Miranda, Daniel Garcia,  
Oscar Vazquez

Teléfono de contacto 696359226

E-mail de contacto [marcostenisrc@gmail.com](mailto:marcostenisrc@gmail.com)

Ou:

[www.aestrada.es](http://www.aestrada.es)

Teléfono de contacto 986570030

E-mail de contacto [deportes@astrada.es](mailto:deportes@astrada.es)

